

Servizo de
CONTRATACIÓN

CONCELLERÍA
DE
CONTRATACIÓN

CONCELLO
DE VIGO



ACTA DA MESA DE CONTRATACIÓN DO 29 DE SETEMBRO DE 2022

Ás 11:05 horas do día 29 de setembro de 2022, reúnese a Mesa de Contratación do Concello de Vigo, en sesión virtual a través da canle Cisco Webex Meetings, convocada pola presidenta o 26 de setembro de 2022, para tratar os asuntos da orde do día que figuran na convocatoria.

Asisten á reunión da Mesa de Contratación:

Presidenta: D^a. Patricia Rodríguez Calviño

Vocais: D^a. María Isabel Fernández Gabriel, vogal suplente da titular da Asesoría Xurídica
D. Alberto Escariz Couso, interventor xeral
D. Pablo Varela Ballesteros, técnico medio de Servizos Económicos de Dirección de Ingresos
D^a. María Gómez Janeiro, xefa de Patrimonio Histórico (asiste aos puntos 2b e 4b)
D. Jesús López Moure, xefe do Servizo de Xestión e Promoción Cultural (asiste ao punto 3a)
D^a Luz María Domínguez González, xefa do Departamento de Alcaldía (asiste ao punto 7a)
D^a. Ruth María Gallego Santos, suplente do xefe da Área de Investimentos (asiste aos puntos 8a, 9a, 10a e 11c)
D. Guillermo Domínguez López, xefe do Servizo de Extinción de Incendios (asiste ao punto 11a e 14a)
D^a. María José Loureiro Bada, xefa do Servizo de Educación (asiste aos puntos 11d e 11e)

Secretaria : D^a. María Dolores Sotelo Gallego

Aberta a sesión pola Sra. presidenta procédese a tratar os puntos incluídos na orde do día:

2.- Cualificación da documentación acreditativa do cumprimento dos requisitos previos

a) Procedemento aberto para a contratación do mantemento do sistema de control horario (39066-220)



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 19/04/2024 03:35	Páxina 1 de 27
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: AEAD43-552E2B-2534DA-JN5ZAC-Q6DNLP-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

Servizo de
CONTRATACIÓN

CONCELLERÍA
DE
CONTRATACIÓN

CONCELLO
DE VIGO



A secretaria le o listado de licitadores presentados a este procedemento segundo consta na Plataforma de Contratos do Sector Público e no certificado expedido polo Rexistro Xeral e pregunta aos membros asistentes se teñen algún conflito de intereses con algún dos licitadores. Ningún dos asistentes manifesta ter conflito de intereses con eles.

A continuación procédese á cualificación dos documentos que compoñen o sobre A "Documentación persoal", tras a súa descriptación pola Secretaría e a Presidencia, e acórdase, por unanimidade:

- a) Admitir neste procedemento aos licitadores que deseguido se relacionan, por ter presentado correctamente a documentación esixida no prego de cláusulas administrativas para declarar o cumprimento dos requisitos previos:
 1. BASTET INGENIERÍA, S.L.
 2. SISTEMAS DIGITALES DE INFORMÁTICA, S.L.

b) Procedemento aberto, das obras de musealización das galerías e posta en valor da fortaleza de Vigo (10874-307)

A secretaria le o listado de licitadores presentados a este procedemento segundo consta na Plataforma de Contratos do Sector Público e no certificado expedido polo Rexistro Xeral e pregunta aos membros asistentes se teñen algún conflito de intereses con algún dos licitadores. Ningún dos asistentes manifesta ter conflito de intereses con eles.

A continuación procédese á cualificación dos documentos que compoñen o sobre A "Documentación persoal", tras a súa descriptación pola Secretaría e a Presidencia, e acórdase, por unanimidade:

- a) Admitir neste procedemento aos licitadores que deseguido se relacionan, por ter presentado correctamente a documentación esixida no prego de cláusulas administrativas para declarar o cumprimento dos requisitos previos:
 1. CONSTRUCCIONES ABAL - REVIVIS (FORTALEZA VIGO) (80 % - 20 %)
 2. UTE PRACE, SERVICIOS Y OBRAS, S.A.-EMERGIS CONSTRUCCIÓN, S.L. (50 % - 50 %)
 3. UTE XAC-OREGA-COVIASSTEC (40 % - 40 % - 20 %)
- b) Outorgar un prazo de tres días a DESARROLLA OBRAS Y SERVICIOS, S.L. para que poidan emendar a documentación presentada segundo o esixido no prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP) que rexe esta contratación. Concretamente deberá presentar un novo Anexo II no que indique no apartado f) *TRATAMIENTO DE DATOS PERSOAIS: SUBCONTRATACIÓN SERVIDORES*, o nome ou perfil empresarial da empresa a subcontratar, definido por referencia as condicións de solvencia profesional ou técnica dos subcontratistas, así como, a ubicación dos servidores.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 19/04/2024 03:35	Páxina 2 de 27
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: AEAD43-552E2B-2534DA-JN5ZAC-Q6DNLP-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

3.- Apertura administrativa e económica (simplificados)

a) Procedemento aberto simplificado para a contratación do subministro de gasóleo tipo c para as instalacións de calefacción nos equipamentos adscritos á rede de museos municipais (Verbum e Casa das Artes) (3173-341)

A secretaria le o nome do licitador presentado a este procedemento segundo consta na Plataforma de Contratos do Sector Público e no certificado expedido polo Rexistro Xeral e pregunta aos membros asistentes se teñen algún conflito de intereses con el. Ningún dos asistentes manifesta ter conflito de intereses co licitador.

A continuación procédese, en acto público, á descriptación dos documentos que compoñen o sobre B (documentación persoal e proposición avaliable mediante fórmula) comprobando, a Mesa de Contratación, que a documentación esixida no prego de cláusulas administrativas para declarar o cumprimento dos requisitos previos e presentada polo único licitador GASÓLEOS AMIGO, S.L., resulta correcta e admitindo ao mesmo neste procedemento.

A continuación compróbase a documentación relativa á proposición avaliable mediante fórmula co seguinte resultado:

GASÓLEOS AMIGO, S.L.

TÁBOA PREZO DO GASÓLEO "C"				
PF = PR X (1- Dto) + TG + TE				
VALOR PR (€/litro)	DESCONTO Dto (%)	VALOR TG (€/litro)	VALOR TE (€/litro)	VALOR PF Prezo unitario (€/litro)
1.19474	0.35%	0.07871	0.01800	1,28727
				prezo gasóleo C en €/litro con 5 decimais

Non asiste público á apertura.

Á vista da existencia dun único licitador, a Mesa comproba neste mesmo acto a non existencia de valores anormais segundo o artigo 85 do RLCAP, tal e como establece o criterio 7D das FEC do PCAP que rexe este procedemento.

A continuación e en virtude do criterio 7B das FEC do PCAP ("as ofertas ordenaranse por orde decrecente resultando adxudicataria a que oferte unha maior porcentaxe de desconto do prezo de referencia do gasóleo (PR)") ordenase o único licitador presentado e admitido.

Á vista das actuacións desta Mesa de Contratación, a mesma acorda, por unanimidade dos



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 19/04/2024 03:35	Páxina 3 de 27
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: AEAD43-552E2B-2534DA-JN5ZAC-Q6DNLP-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

Servizo de
CONTRATACIÓN

CONCELLERÍA
DE
CONTRATACIÓN

CONCELLO
DE VIGO



asistentes, a adopción do seguinte acordo:

Primeiro.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, a proposición admitida no procedemento aberto simplificado para a contratación do subministro de gasóleo tipo c para as instalacións de calefacción nos equipamentos adscritos á rede de museos municipais (Verbum e Casa das Artes) (3173-341) na seguinte orde descendente:

Clasificación	Licitador	Desconto
1º	GASÓLEOS AMIGO, S.L.	0,35 %

Segundo.- Requerir ao licitador clasificado en primeiro lugar, GASÓLEOS AMIGO, S.L. (B36736049), para que presente, no prazo de sete días hábiles, a contar desde o seguinte a aquel no que reciba o requirimento, unicamente a documentación esixida na cláusula 22.1 do PCAP, ao estar inscrito no Rexistro de Licitadores e Empresas Clasificadas do Sector Público:

1. Acreditación da constitución garantía definitiva.
2. Declaración responsable designando ao seu delegado coas funcións descritas na cláusula 28.6 deste prego, conforme ao modelo incluído no Anexo IV.

4- Apertura da documentación técnica

a) Procedemento aberto para a contratación do mantemento do sistema de control horario (39066-220)

A secretaria pregunta aos membros da Mesa se teñen conflito de intereses cos licitadores admitidos. Ningún dos asistentes manifesta ter conflito de intereses con eles.

Procédese á desenscriptación dos documentos que compoñen o sobre B "Proposición avaliable mediante xuízo de valor" dos licitadores admitidos.

A Mesa, por unanimidade dos membros presentes, acorda solicitar informe sobre a referida documentación ao servizo xestor.

b) Procedemento aberto, das obras de musealización das galerías e posta en valor da fortaleza de Vigo (10874-307)

Retírase da orde do día porque a Mesa acordou conceder un prazo a un dos licitadores para que poida emendar a documentación persoal.

7.- Dar conta da existencia de ofertas con valores anormais ou desproporcionados

a) Procedemento aberto do servizo da coordinación e organización de vodas



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 19/04/2024 03:35	Páxina 4 de 27
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: AEAD43-552E2B-2534DA-JN5ZAC-Q6DNLP-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

Servizo de
CONTRATACIÓN

CONCELLERÍA
DE
CONTRATACIÓN

CONCELLO
DE VIGO



e acollementos civís celebrados polo Concello de Vigo (19.077-101)

A secretaria pregunta aos membros da Mesa se teñen conflito de intereses cos licitadores admitidos. Ningún dos asistentes manifesta ter conflito de intereses con eles.

Entrégase o informe asinado pola xefa da Unidade Administrativa da Alcaldía do 26 de setembro de 2022, sobre as ofertas incursas en presunción de anormalidade. Á vista deste informe, a Mesa de Contratación, acorda iniciar o procedemento previsto no artigo 149 da LCSP co licitador que se relaciona a continuación por canto a súa oferta está incursa en presunción de anormalidade, concedéndolle un prazo de tres días hábiles para xustificar a súa oferta:

- OSVENTOS INNOVACIÓN EN SERVIZOS, S.L.

8.- Estudo e, no seu caso, aceptación dos informes sobre a valoración das xustificacións das ofertas con valores anormais ou desproporcionados

a) Procedemento aberto para a contratación do servizo de realización das tarefas de coordinación en materia de seguridade e saúde derivadas da execución do servizo de mantemento, acondicionamento e mellora das infraestruturas viarias do Concello de Vigo (839-441)

A secretaria pregunta aos membros da Mesa se teñen conflito de intereses cos licitadores admitidos. Ningún dos asistentes manifesta ter conflito de intereses con eles.

A continuación lembra que o 10 de xuño de 2022, en cumprimento do acordado na sesión do 9 de xuño de 2022, se iniciou o procedemento previsto no artigo 149 da LCSP con AQUÁTICA INGENIERIA CIVIL, S.L.

Durante o prazo concedido, AQUÁTICA INGENIERIA CIVIL, S.L. presentou a documentación correspondente da que se deu traslado ao responsable do contrato.

O 20 de setembro de 2022 o Comité de expertos formado polo enxeñeiro de camiños, a xefa de Electromecánicos e Aforro Enerxético e a técnica de Administración Xeral emitiu informe sobre a xustificación presentada no que conclúe que *“Tendo en conta todo indicado con anterioridade, se pode por tanto chegar á conclusión de que se cumpren os requisitos establecidos no artigo 149 da Lei de Contratos do Sector Público para considerar xustificada á baixa anormal ou desproporcionada e que poida con ela cumprir o contrato.”*

A Mesa acepta, por unanimidade, o anterior informe.

9.- Entrega e, no seu caso, aceptación dos informes de valoración dos criterios avaliáveis mediante fórmula nos procedementos abertos, negociados e restrinxidos

a) Procedemento aberto para a contratación do servizo de realización das tarefas de coordinación en materia de seguridade e saúde derivadas da execución do servizo de mantemento, acondicionamento e mellora das infraestruturas viarias do Concello de Vigo (839-441)

A secretaria pregunta aos membros asistentes se teñen algún conflito de intereses cos licitadores admitidos. Ningún dos asistentes manifesta ter conflito de intereses con eles.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 19/04/2024 03:35	Páxina 5 de 27
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: AEAD43-552E2B-2534DA-JN5ZAC-Q6DNLP-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

Servizo de
CONTRATACIÓN

CONCELLERÍA
DE
CONTRATACIÓN

CONCELLO
DE VIGO



Entrégase o informe asinado pola técnica de xestión e o xefe da Área de Inversións o 22 de setembro de 2022 de valoración do sobre C "proposición avaliable mediante fórmula" coa proposta de clasificación que é aceptado por unanimidade dos membros da Mesa.

Acto seguido publícase no perfil de contratante.

10.- Propostas de clasificación

a) Procedemento aberto para a contratación do servizo de realización das tarefas de coordinación en materia de seguridade e saúde derivadas da execución do servizo de mantemento, acondicionamento e mellora das infraestruturas viarias do Concello de Vigo (839-441)

Á vista das actuacións desta Mesa de Contratación e dos informes de valoración das proposicións presentadas, por unanimidade dos asistentes, propónse á concelleira delegada de Contratación, por delegación da Xunta de Goberno local (acordo do 20 de xuño de 2019), a adopción da seguinte resolución:

Primeiro.- Tomar razón da exclusión acordada pola Mesa de Contratación do Concello de Vigo, na sesión do 2 de xuño de 2022, de INGENIERÍA DE GESTIÓN Y SEGURIDAD S.L. por non acadar o umbral mínimo de puntuación esixido no apartado 7A do Anexo I -FEC- do PCAP ("Ofertas con calidade técnica inadecuada: as que non acaden o umbral mínimo de puntuación fixado nun 50 % da puntuación máxima fixada para estes criterios").

Segundo.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas neste procedemento aberto para a contratación do servizo de realización das tarefas de coordinación en materia de seguridade e saúde derivadas da execución do servizo de mantemento, acondicionamento e mellora das infraestruturas viarias do Concello de Vigo (839-441) na seguinte orde descendente:

	Licitadores	Puntuación
1	AQUÁTICA INGENIERÍA CIVIL, S.L.	91,00 €
2	ATENEA, S.A.U.	86,90 €
3	INGENIERÍA Y PREVENCIÓN DE RIESGOS S.L.	83,80 €
4	APPLUS NORCONTROL, S.L.U	60,22 €

Terceiro.- Requirir ao licitador clasificado en primeiro lugar, AQUÁTICA INGENIERÍA CIVIL, S.L. (B36962314), para que presente, no prazo de dez días hábiles, a contar



Servizo de
CONTRATACIÓN

CONCELLERÍA
DE
CONTRATACIÓN

CONCELLO
DE VIGO



desde o seguinte a aquel no que reciba o requirimento, a seguinte documentación (artigo 150.2 LCSP):

1. Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar.
2. A documentación esixida nas cláusulas 8 e 22 do prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP).
3. Resgardo da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula 24 do prego de cláusulas administrativas particulares.

11.- Propostas de adjudicación

a) Procedemento aberto para a contratación da prestación, integración cos sistemas municipais de información e soporte técnico dun software, en modalidade de "Software as a service" (SAAS), para a xestión integral de parques para o Servizo Contra incendios do Concello de Vigo (6.610-213)

A secretaria pregunta aos membros asistentes se teñen algún conflito de intereses co licitador clasificado en primeiro lugar neste procedemento. Ningún dos asistentes manifesta ter conflito de intereses con el.

Así mesmo, dáse conta da resolución nº169/2022 de data 21 de setembro de 2022 do Tribunal Administrativo de Contratación Pública da CCAA de Galicia pola que se desestima o recurso especial en materia de contratación nº143/2022 interposto por EURO COP SECURITY SYSTEMS, S.L.

LEXISLACIÓN APLICABLE

- Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014
- Real decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de contratos do sector público (RLCSP)
- Real decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o regulamento xeral da Lei de contratos das Administracións Públicas (RLCAP), no que non se opoña ao Real decreto legislativo 3/2011
- Prego de cláusulas administrativas particulares que rexe o procedemento aberto para a contratación da prestación, integración cos sistemas municipais de información e soporte técnico dun software, en modalidade de "Software as a service" (SAAS), para a xestión integral de parques para o Servizo Contra incendios do Concello de Vigo (6.610-213)

ANTECEDENTES

Primeiro.- Con data do 19 de maio de 2022 a Xunta de Goberno local, acordou:

"1º Aprobar o expediente de contratación por procedemento aberto e tramitación ordinaria da contratación de servizo de software en modalidade SaaS para "xestión integral de parques" para a prestación do Servizo Contra Incendios que contén o



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 19/04/2024 03:35	Páxina 7 de 27
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: AEAD43-552E2B-2534DA-JN5ZAC-Q6DNLP-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

Servizo de
CONTRATACIÓN

CONCELLERÍA
DE
CONTRATACIÓN

CONCELLO
DE VIGO



prego de prescricións técnicas asinado polo xefe do servizo de Bombeiros e o Xefe do Servizo de Informática en data 12 de abril de 2022.

2º. Aprobar o prego de cláusulas administrativas particulares que rexerá a contratación, redactado pola Técnica de Administración Xeral de Contratación en data 4 de maio de 2022.

3º.- Autorizar o gasto por importe de 63.696,00 euros, do que 11.054,68 euros corresponde ao 21% de IVE soportado pola administración, que se imputará á aplicación orzamentaria 13606410002 " APLICACIÓNS INFORMÁTICAS XESTIÓN PARQUE" do presuposto municipal vixente.

4º Abrir o procedemento de licitación na forma legalmente prevista."

Segundo.- A concelleira delegada de Contratación, por delegación da Xunta de Goberno local (acordo do 20 de xuño de 2019), o 10 de agosto de 2022 adoptou a seguinte resolución:

"Primeiro.- Tomar razón da inadmisión de DRAGCLIC S.L, acordada pola Mesa de Contratación do Concello de Vigo, na sesión do 14 de xuño de 2022 por non ter emendado correctamente a documentación esixida no prego de cláusulas administrativas para declarar o cumprimento dos requisitos previos e da exclusión de EURO COP SECURITY SYSTEMS, S.L. acordada pola Mesa de Contratación do Concello de Vigo, na sesión do 26 de xullo de 2022, por non cumprir os requisitos, en canto a linguaxe de desenvolvemento, fixados no PPT.

Segundo.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas neste procedemento aberto para a contratación da prestación, integración cos sistemas municipais de información e soporte técnico dun software, en modalidade de "Software as a service" (SAAS), para a xestión integral de parques para o Servizo Contraincendios do Concello de Vigo (6.610-213) na seguinte orde descendente:

	Licitador	Puntuación total
1	CONSULTORÍA INFORMÁTICA Y TECNOLÓGICA DEL NOROESTE, S.L.	84,00

Terceiro.- Requirir ao licitador clasificado en primeiro lugar, CONSULTORÍA INFORMÁTICA Y TECNOLÓGICA DEL NOROESTE, S.L. (B-94115177), para que presente, no prazo de dez días hábiles, a contar desde o seguinte a aquel no que reciba o requirimento, a seguinte documentación (artigo 150.2 LCSP):

- 1. Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar.*
- 2. A documentación esixida nas cláusulas 8 e 22 do prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP).*
- 3. Resgardo da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula 24 do prego de cláusulas administrativas particulares".*



Servizo de
CONTRATACIÓN

CONCELLERÍA
DE
CONTRATACIÓN

CONCELLO
DE VIGO



Terceiro.- Esta resolución foi notificada ao licitador clasificado en primeiro lugar, CONSULTORÍA INFORMÁTICA Y TECNOLÓGICA DEL NOROESTE, S.L., o día 11 de agosto de 2022, que presenta a documentación requirida o 19 de agosto, dentro do prazo concedido.

Cuarto.- En data 30 de agosto de 2022 D. Ramón García Esteve, en representación da entidade mercantil EURO COP SECURITY SYSTEMS, S.L., interpón recurso especial en materia de contratación ante o Tribunal Administrativo de Contratación Pública da Comunidade Autónoma de Galicia (TACGAL), contra a súa exclusión da contratación do presente procedemento.

Quinto.- Con data 30 de agosto de 2022 recíbese resolución do Tribunal Administrativo de Contratación Pública da Comunidade Autónoma de Galicia (TACGAL) referente á medida cautelar instada no recurso especial en materia de contratación interposto por EURO COP SECURITY SYSTEMS SL no que resolve a adoptar a medida cautelar de suspensión da contratación no presente procedemento.

Sexto.- A Xunta de Goberno local, na sesión do 29 de setembro de 2022, adoptou o seguinte acordo:

"Tomar razón da Resolución nº 169/2022 Do Tribunal Administrativo de Contratación Pública da Comunidade Autónoma de Galicia (TACGAL), recaída no recurso nº 143/2022, interposto por por EURO COP SECURITY SYSTEMS SL contra a súa exclusión da contratación para a prestación, integración cos sistemas municipais de información e soporte técnico, dun software informático en modalidade "Software as a Service" (SaaS) para a xestión dos avisos, comunicacións, inventario de activos, xestión dos cuadrantes de persoal, xestión dos servizos e actuacións que leva a cabo o Servizo de Bombeiros do Concello de Vigo para a prestación do servizo contra incendios e salvamento, expediente 6610-213. Na mesma o TACGAL destima o recurso.

Transcríbese a continuación o acordo:

- 1. Desestimar o recurso interposto por EURO COP SECURITY SYSTEMS SL contra a súa exclusión da contratación para a prestación, integración cos sistemas municipais de información e soporte técnico, dun software informático en modalidade "Software as a Service" (SaaS) para a xestión dos avisos, comunicacións, inventario de activos, xestión dos cuadrantes de persoal, xestión dos servizos e actuacións que leva a cabo o Servizo de Bombeiros do Concello de Vigo para a prestación do servizo contra incendios e salvamento, expediente 6610-213 do Concello de Vigo.*
- 2. Levantar a suspensión acordada no seu día.*
- 3. Declarar que non se aprecia temeridade ou mala fe na interposición do recurso, polo que non procede a imposición da multa prevista no artigo 58.2 LCSP."*

Sétimo.- A Mesa de Contratación na sesión do 29 de setembro de 2022 revisou a documentación presentada, sendo esta correcta, polo que acordou, por unanimidade dos



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 19/04/2024 03:35	Páxina 9 de 27
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: AEAD43-552E2B-2534DA-JN5ZAC-Q6DNLP-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

Servizo de
CONTRATACIÓN

CONCELLERÍA
DE
CONTRATACIÓN

CONCELLO
DE VIGO



membros presentes, propoñer ao órgano de contratación a adxudicación deste procedemento.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

Primeiro.- A nosa lexislación contractual impón ao órgano de contratación a obriga de adxudicar o contrato dentro dos cinco días hábiles seguintes á recepción da documentación. O acordo de adxudicación deberá ser motivado, notificarase aos licitadores e, simultaneamente, publicarase no perfil de contratante no prazo de quince días (artigo 151.1 LCSP).

Recibida tanto a documentación presentada polo licitador clasificado en primeiro lugar CONSULTORÍA INFORMÁTICA Y TECNOLÓGICA DEL NOROESTE, S.L., como a solicitada de oficio pola Administración municipal e, comprobado que esta é correcta, procede adxudicar este contrato.

Segundo.- A competencia para formular a proposta de adxudicación ao órgano de contratación correspóndelle á Mesa de Contratación. A proposta realizarase a favor do licitador que teña presentado a mellor oferta, de conformidade coo disposto no artigo 145, segundo proceda de conformidade co prego de cláusulas administrativas particulares que rexa a licitación.

A oferta máis vantaxosa para a administración contratante é a formulada por CONSULTORÍA INFORMÁTICA Y TECNOLÓGICA DEL NOROESTE, S.L., de acordo cos informes de valoración das proposicións avaliábeis mediante xuízo de valor e das proposicións avaliábeis mediante fórmula, de datas 19 de xullo e 8 de agosto de 2022, respectivamente.

Terceiro.- A competencia para a resolución deste expediente correspóndelle á Xunta de Goberno local (apartado 4 da disposición adicional segunda da LCSP), na súa calidade de órgano de contratación.

En base ao que antecede, propónse á Xunta de Goberno local como órgano de contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

1. "Tomar razón da non admisión de DRAGCLIC S.L, acordada pola Mesa de Contratación do Concello de Vigo, na sesión do 14 de xuño de 2022 por non ter emendado correctamente a documentación esixida no prego de cláusulas administrativas para declarar o cumprimento dos requisitos previos e da exclusión de EURO COP SECURITY SYSTEMS, S.L. acordada pola Mesa de Contratación do Concello de Vigo, na sesión do 26 de xullo de 2022, por non cumprir os requisitos, en canto a linguaxe de desenvolvemento, fixados no PPT.
2. Adxudicar a CONSULTORÍA INFORMÁTICA Y TECNOLÓGICA DEL NOROESTE,



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 19/04/2024 03:35	Páxina 10 de 27
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: AEAD43-552E2B-2534DA-JN5ZAC-Q6DNLP-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

Servizo de
CONTRATACIÓN

CONCELLERÍA
DE
CONTRATACIÓN

CONCELLO
DE VIGO



S.L. (B-94.115.177) o procedemento aberto para a contratación da prestación, integración cos sistemas municipais de información e soporte técnico dun software, en modalidade de "Software as a service" (SAAS), para a xestión integral de parques para o Servizo Contraincendios do Concello de Vigo (6.610-213) coas seguintes condicións:

- a) O prezo total do contrato é de 51.875,73 euros, sendo a cota correspondente ao IVE de 9.003,23 euros.
- b) Propón 10 (nº) de horas de soporte ao usuario a maiores do mínimo de 10 horas/mes fixado no punto 2.e do PPT.

Todo iso de acordo cos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares aprobados por acordo da Xunta de Goberno e a oferta presentada".

b) Procedemento aberto para a contratación do soporte para o sistema xestor de contidos (Typo3) (9.825-113)

A secretaria pregunta aos membros asistentes se teñen algún conflito de intereses co licitador clasificado en primeiro lugar neste procedemento. Ningún dos asistentes manifesta ter conflito de intereses con el.

LEXISLACIÓN APLICABLE

- Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014
- Real decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de contratos do sector público (RLCSP)
- Real decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o regulamento xeral da Lei de contratos das Administracións Públicas (RLCAP), no que non se opoña ao Real decreto lexislativo 3/2011
- Prego de cláusulas administrativas particulares que rexe o procedemento aberto para a contratación do soporte para o sistema xestor de contidos (Typo3) (9.825-113) (PCAP)

ANTECEDENTES

Primeiro.- Con data do 22 de xullo de 2022 a Xunta de Goberno local, acordou:

"PRIMEIRO.- Aprobar o expediente de contratación por procedemento aberto ordinario coa finalidade de realizar a contratación do servizo de soporte e desenvolvemento en TYPO3, no que constan:

- Informe xustificativo da necesidade e idoneidade asinado polo Xefe de servizo de Administración Electrónica de data 22/03/2022 e co conforme da Concelleira delegada de Xestión Municipal con data 23/03/2022.

- Prego de prescricións técnicas particulares (PPTP) de data 06/06/2022 asinado pola adxunta ao xefe do servizo de Administración Electrónica e o Xefe do servizo de Administración Electrónica.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 19/04/2024 03:35	Páxina 11 de 27
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: AEAD43-552E2B-2534DA-JN5ZAC-Q6DNLP-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

Servizo de
CONTRATACIÓN

CONCELLERÍA
DE
CONTRATACIÓN

CONCELLO
DE VIGO



- Memoria xustificativa do contrato de data 06/06/2022, asinado pola adxunta ao xefe do servizo de Administración Electrónica e o Xefe do servizo de Administración Electrónica co conforme da Concelleira delegada de Xestión Municipal e informe técnico complementario de data 23/06/2022.

- Memoria económica do contrato de data 05/07/2022, asinada polo Xefe do servizo de Administración Electrónica co conforme da Concelleira delegada de Xestión Municipal e do Concelleiro delegado de Orzamentos e Facenda.

- Documento económico sobre a existencia de crédito de data 11/07/2022 asinado pola Dirección Superior Contable e Orzamentaria.

- Informe da Xefa do de Servizo de Contratación de data 12/07/2022, sobre a comprobación da incorporación ao expediente da documentación necesaria para a tramitación do contrato.

- Prego de cláusulas administrativas particulares para a contratación do servizo polo procedemento aberto, asinado pola Xefa do Servizo de Contratación de data 14/07/2022.

SEGUNDO.- Autorizar o gasto de 24.200,00 €, que inclúe un I.V.E. de 4.200,00 €, dende o 1 de setembro de 2022, segundo o seguinte detalle de partidas e exercicios:

exercicio	Partida	base	ive	total
2022	9207.2270603 (SERVIZOS E TRABALLOS TÉCNICOS)	6,666.67 €	1,400.00 €	8.066,67 €
2023	9207.2270603 (SERVIZOS E TRABALLOS TÉCNICOS)	13,333.33 €	2,800.00 €	16.133,33 €
	TOTAL	20,000.00 €	4,200.00 €	24.200,00 €

TERCEIRO.- Abrir o procedemento de licitación na forma legalmente prevista."

Segundo.- A concelleira delegada de Contratación, por delegación da Xunta de Goberno local (acordo do 20 de xuño de 2019), o 9 de setembro de 2022 adoptou a seguinte resolución:

"Primeiro.- Clasificar, de acordo cos criterios de adjudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas neste procedemento aberto para a contratación do soporte para o sistema xestor de contidos (Typo3) (9.825-113) na seguinte orde descendente:

Orde	Licitador	Puntuación total
1	ICTI INTERNET PASSION, S.L.	88.13



Servizo de
CONTRATACIÓN

CONCELLERÍA
DE
CONTRATACIÓN

CONCELLO
DE VIGO



2	SERINZA SOLUTIONS, S.L.	70.00
3	SMARTWORLD TELECOM, S.L.	57.67

Segundo.- Requirir ao licitador clasificado en primeiro lugar, ICTI INTERNET PASSION, S.L. (B-13.327.168), para que presente, no prazo de dez días hábiles, a contar desde o seguinte a aquel no que reciba o requirimento, a seguinte documentación (artigo 150.2 LCSP):

1. Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar.
2. A documentación esixida nas cláusulas 8 e 22 do prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP), agás a documentación acreditativa da solvencia económica e o anexo V do PCAP por terse presentado no sobre A. Respecto da solvencia técnica, o licitador presentou unha declaración (táboa) doutros contratos similares pero esta documentación non resulta suficiente ao abeiro do esixido na cláusula 8.8.3º polo que deberá completala ("Os servizos ou traballos efectuados acreditaranse mediante certificados expedidos ou visados polo órgano competente, cando o destinatario sexa unha entidade do sector público; cando o destinatario sexa un suxeito privado, mediante un certificado expedido por este ou, a falta deste certificado, mediante unha declaración do empresario, acompañado dos documentos que consten no seu poder que acrediten a realización da prestación").

Resgardo da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula 24 do prego de cláusulas administrativas particulares."

Terceiro.- Esta resolución foi notificada ao licitador clasificado en primeiro lugar, ICTI INTERNET PASSION, S.L., o día 12 de setembro de 2022, que presenta a documentación requirida o 26 de setembro de 2022, dentro do prazo concedido.

Cuarto.- A Mesa de Contratación na sesión do 29 de setembro de 2022 revisou a documentación presentada, sendo esta correcta, polo que acordou, por unanimidade dos membros presentes, propoñer ao órgano de contratación a adxudicación deste procedemento.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

Primeiro.- A nosa lexislación contractual impón ao órgano de contratación a obriga de adxudicar o contrato dentro dos cinco días hábiles seguintes á recepción da documentación. O acordo de adxudicación deberá ser motivado, notificarase aos licitadores e, simultaneamente, publicarase no perfil de contratante no prazo de quince días (artigo 151.1 LCSP).

Recibida tanto a documentación presentada polo licitador clasificado en primeiro lugar ICTI INTERNET PASSION, S.L., como a solicitada de oficio pola Administración municipal e, comprobado que esta é correcta, procede adxudicar este contrato.

Segundo.- A competencia para formular a proposta de adxudicación ao órgano de



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 19/04/2024 03:35	Páxina 13 de 27
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: AEAD43-552E2B-2534DA-JN5ZAC-Q6DNLP-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

Servizo de
CONTRATACIÓN

CONCELLERÍA
DE
CONTRATACIÓN

CONCELLO
DE VIGO



contratación correspóndelle á Mesa de Contratación. A proposta realizarase a favor do licitador que teña presentado a mellor oferta, de conformidade coo disposto no artigo 145, segundo proceda de conformidade co prego de cláusulas administrativas particulares que rexa a licitación.

A oferta máis vantaxosa para a administración contratante é a formulada por ICTI INTERNET PASSION, S.L., de acordo co informe de valoración das proposicións avaliadas mediante fórmula, de data 2 de setembro de 2022.

Terceiro.- A competencia para a resolución deste expediente correspóndelle á Xunta de Goberno local (apartado 4 da disposición adicional segunda da LCSP), na súa calidade de órgano de contratación.

En base ao que antecede, propónse á Xunta de Goberno local como órgano de contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

"Adxudicar a ICTI INTERNET PASSION, S.L. (B-13.327.168) o procedemento aberto para a contratación do soporte para o sistema xestor de contidos (Typo3) (9.825-113) por un prezo máximo de 24.200,00 euros, sendo a cota correspondente ao IVE de 4.200,00 euros, e coas seguintes condicións:

- Cun prezo unitario de hora de prestación do servizo de 48 € (IVE incluído).*
- Achega, para a execución do contrato, 2 persoas certificadas como editor ou desenvolvedor en TYPO3.*
- Acredita a realización de 5 proxectos sobre o CMS Typo3 a partir da versión 9.5.*
- Propón unha bolsa anual de horas sen custe para o Concello de 50 horas.*
- Dispón dunha ferramenta para a xestión, control e seguimento de incidencias, traballos e tarefas en proceso.*
- É membro ou provedor de servizos da comunidade do CMS TYPO3.*

Todo iso de acordo cos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares aprobados por acordo da Xunta de Goberno e a oferta presentada."

c) Procedemento aberto mixto para a contratación de servizo de mantemento e reparacións, incluído o subministro dos repostos necesarios para as reparacións dos vehículos tipo C1 do Parque Móbil do Concello de Vigo (15.161-445)

A secretaria pregunta aos membros asistentes se teñen algún conflito de intereses co licitador clasificado en primeiro lugar neste procedemento. Ningún dos asistentes manifesta ter conflito de intereses con el.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 19/04/2024 03:35	Páxina 14 de 27
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: AEAD43-552E2B-2534DA-JN5ZAC-Q6DNLP-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

LEXISLACIÓN APLICABLE

- Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014
- Real decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de contratos do sector público (RLCSP)
- Real decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o regulamento xeral da Lei de contratos das Administracións Públicas (RLCAP), no que non se opoña ao Real decreto legislativo 3/2011
- Prego de cláusulas administrativas particulares que rexe o procedemento aberto mixto para a contratación de servizo de mantemento e reparacións, incluído o subministro dos repostos necesarios para as reparacións dos vehículos tipo C1 do Parque Móbil do Concello de Vigo (15.161-445) (PCAP)

ANTECEDENTES

Primeiro.- Con data do 12 de maio de 2022 a Xunta de Goberno local, acordou:

“Primeiro.- Aprobar o presente expediente de contratación, a través de procedemento aberto e tramitación ordinaria, para a contratación do “Servizo de mantemento e reparacións, incluído o subministro dos repostos necesarios para as reparacións dos vehículos tipo C1 do Parque Móbil do Concello de Vigo”.

Segundo.- Aprobar o Prego de Prescricións Técnicas particulares asinado polo Enxeñeiro Municipal de Camiños, Canais e Portos en data 16 de marzo de 2022.

Terceiro.- Aprobar o Prego de Cláusulas Administrativas Particulares que rexerá a contratación, asinado pola Técnica de Administración Xeral e pola Xefa do Servizo de Contratación, de data 29 de abril de 2022.

Cuarto.- Autorizar o gasto por importe total do expediente de contratación, que ascende a un importe máximo de “DOUSCENTOS CORENTA MIL CINCOCENTOS CORENTA E CATRO EUROS CON OITENTA E SEIS CÉNTIMOS” (240.544,86 €), sendo a partida correspondente ao IVE de 41.747,46 €.

Por ter o financiamento carácter de gasto plurianual aplicarase con cargo ás seguintes aplicacións orzamentarias e segundo a seguinte distribución por anualidades:

	2022	2023	2024
214.00.00	34,867.25 €	59,772.43 €	24,905.18 €
221.11.00	35,291.67 €	60,500.00 €	25,208.33 €
TOTAL	70,158.92 €	120,272.43 €	50,113.51 €

Quinto.- Abrir o procedemento de adjudicación para a selección do contratista na forma prevista na lexislación vixente.”



Servizo de
CONTRATACIÓN

CONCELLERÍA
DE
CONTRATACIÓN

CONCELLO
DE VIGO



Segundo.- A concelleira delegada de Contratación, por delegación da Xunta de Goberno local (acordo do 20 de xuño de 2019), o 3 de agosto de 2022 adoptou a seguinte resolución:

"Primeiro.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas neste procedemento aberto mixto para a contrato de servizo de mantemento e reparacións, incluído o subministro dos repostos necesarios para as reparacións dos vehículos tipo C1 do Parque Móbil do Concello de Vigo (15.161-445) na seguinte orde descendente:

	Licitador	Puntuación total
1	RECALVI, S.L.	93,00
2	TALLERES FONTAN S.L.U.	86,40
3	ÓSCAR CASTRO GÓMEZ	74,50
4	RODI GALICIA SL	54,74

Segundo.- *Requirir ao licitador clasificado en primeiro lugar, RECALVI, S.L. (B-36.628.931), para que presente, no prazo de dez días hábiles, a contar desde o seguinte a aquel no que reciba o requirimento, a seguinte documentación (artigo 150.2 LCSP):*

- 1. Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar.*
- 2. A documentación esixida nas cláusulas 8 e 22 do prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP).*
- 3. Resgardo da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula 24 do prego de cláusulas administrativas particulares."*

Terceiro.- Esta resolución foi notificada ao licitador clasificado en primeiro lugar, RECALVI, S.L., o día 5 de agosto de 2022, que presentou documentación o 23 de agosto, dentro do prazo concedido.

A Mesa de Contratación, na súa sesión de data 26 de agosto de 2022, acordou conceder un prazo de tres días aos dous licitadores para que puidesen emendar a documentación presentada. Este acordo notificouse o 29 de agosto. Dentro do prazo concedido os licitadores presentaron documentación.

Cuarto.- A Mesa de contratación, na súa sesión do 9 de setembro de 2022, informa que en relación coa documentación presentada por RECALVI, S.L. non se acredita correctamente a solvencia técnica dado que as facturas presentadas correspondentes ao licitador e ao terceiro (SERVICIO DE TALLER Y NEUMÁTICOS RAYCO, S.L.), non pertencen ao mesmo ano (2021 e 2019, respectivamente), polo que non resulta



Servizo de
CONTRATACIÓN

CONCELLERÍA
DE
CONTRATACIÓN

CONCELLO
DE VIGO



acreditado que posúa a solvencia requirida nun dos últimos tres anos. Asemade, o licitador non acredita estar en posesión da habilitación profesional esixida no apartado 5F do PCAP, unicamente achega documentación relativa ao terceiro (SERVICIO DE TALLER Y NEUMÁTICOS RAYCO, S.L.) (licenza de actividade, inscrición no rexistro de produtores de residuos e no rexistro industrial da CCAA de Galicia na rama de mecánica) e, por outro lado, segundo informe emitido polo enxeñeiro de Camiños, Canles e Portos o 8 de setembro de 2022, o licitador non está inscrito no Rexistro Industrial en ningunha das ramas de actividade previstas na cláusula 4.1A do PPT, non figura como produtor de residuos e só dispón de licenza de actividade para reposición de pezas.

Quinto.- Á vista da documentación presentada a Mesa acorda, por unanimidade, ao non terse cumprimentado adecuadamente o requirimento formulado a RECALVI, S.L. no prazo concedido, solicitar a mesma documentación ao licitador clasificado en segundo lugar TALLERES FONTÁN, S.L.U. (B-36.634.756), en virtude do disposto no artigo 150.2 da LCSP:

1. Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar.
2. A documentación esixida nas cláusulas 8 e 21 do prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP). Lémbrese que deberá acreditar a posesión da habilitación profesional esixida no apartado 5F do Anexo I -FEC-.
3. Resgardo da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula 23 do prego de cláusulas administrativas particulares.

Sexto.- Esta resolución foi notificada ao licitador clasificado en segundo lugar, TALLERES FONTÁN, S.L.U., o día 12 de setembro de 2022, que presenta a documentación requirida o 23 e o 26 de setembro de 2022, dentro do prazo concedido.

Sétimo.- A Mesa de Contratación na sesión do 29 de setembro de 2022 revisou a documentación presentada, sendo esta correcta, polo que acordou, por unanimidade dos membros presentes, propoñer ao órgano de contratación a adxudicación deste procedemento.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

Primeiro.- A nosa lexislación contractual impón ao órgano de contratación a obriga de adxudicar o contrato dentro dos cinco días hábiles seguintes á recepción da documentación. O acordo de adxudicación deberá ser motivado, notificarase aos licitadores e, simultaneamente, publicarase no perfil de contratante no prazo de quince días (artigo 151.1 LCSP).

Recibida tanto a documentación presentada polo licitador clasificado en segundo lugar TALLERES FONTÁN, S.L.U., como a solicitada de oficio pola Administración municipal e, comprobado que esta é correcta, procede adxudicar este contrato.

Segundo.- A competencia para formular a proposta de adxudicación ao órgano de contratación correspóndelle á Mesa de Contratación. A proposta realizarase a favor do licitador que teña presentado a mellor oferta, de conformidade coo disposto no artigo 145,



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 19/04/2024 03:35	Páxina 17 de 27
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: AEAD43-552E2B-2534DA-JN5ZAC-Q6DNLP-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

Servizo de
CONTRATACIÓN

CONCELLERÍA
DE
CONTRATACIÓN

CONCELLO
DE VIGO



segundo proceda de conformidade co prego de cláusulas administrativas particulares que rexa a licitación.

A segunda oferta máis vantaxosa para a administración contratante é a formulada por TALLERES FONTÁN, S.L.U., de acordo cos informes de valoración das proposicións avaliadas mediante xuízo de valor e das proposicións avaliadas mediante fórmula, de datas 8 de xullo de 2022 e 27 de xullo de 2022, respectivamente.

Terceiro.- A competencia para a resolución deste expediente correspóndelle á Xunta de Goberno local (apartado 4 da disposición adicional segunda da LCSP), na súa calidade de órgano de contratación.

En base ao que antecede, propónse á Xunta de Goberno local como órgano de contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

"Adxudicar a TALLERES FONTÁN, S.L.U. (B-36.634.756) o procedemento aberto mixto para a contratación de servizo de mantemento e reparacións, incluído o subministro dos repostos necesarios para as reparacións dos vehículos tipo C1 do Parque Móbil do Concello de Vigo (15.161-445) coas seguintes condicións:

- a) *O prezo máximo do contrato é de 240.544,86 euros, sendo a cota correspondente ao IVE de 41.747,46 euros.*
- b) *Cunha porcentaxe de desconto único a aplicar aos prezos unitarios do capítulo no 2 do Anexo II do PPTP de subministro de pezas de recambios do 20 %.*
- c) *Cunha porcentaxe de desconto único a aplicar aos prezos unitarios correspondentes ao capítulo nº 1 do Anexo II do PPTP de mantemento e reparación dos vehículos en talleres externos do 18%.*

Todo iso de acordo cos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares aprobados por acordo da Xunta de Goberno e a oferta presentada."

d) Procedemento aberto para a contratación do subministro de libros e publicacións con destino a distintos servizos e áreas do Concello de Vigo (6.738-241) (Lotes 3 e 6)

A secretaria pregunta aos membros asistentes se teñen algún conflito de intereses coa licitadora clasificada en primeiro lugar nos lotes 3 e 6 deste procedemento. Ningún dos asistentes manifesta ter conflito de intereses con ela.

Lémbrese que en cumprimento do acordo da Mesa de data 22 de setembro de 2022 concedeuse un prazo de 2 días a JASMINA HOGER ESTERHAZY (lotes 3 e 6), notificado o día 26 de setembro, para que poidera acreditar a solvencia técnica de



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 19/04/2024 03:35	Páxina 18 de 27
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: AEAD43-552E2B-2534DA-JN5ZAC-Q6DNLP-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

conformidade co esixido na cláusula 8.8.3º do PCAP e presentar certificado positivo de non ter débedas coa Seguridade Social (artigo 32 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das AAPP).

LEXISLACIÓN APLICABLE

- Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014
- Real decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de contratos do sector público (RLCSP)
- Real decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o regulamento xeral da Lei de contratos das Administracións Públicas (RLCAP), no que non se opoña ao Real decreto legislativo 3/2011
- Prego de cláusulas administrativas particulares que rexe o procedemento aberto para a contratación do subministro de libros e publicacións con destino a distintos servizos e áreas do Concello de Vigo (6.738-241) (lotes 3 e 6)

ANTECEDENTES

Primeiro.- Con data do 7 de xullo de 2022 a Xunta de Goberno local, acordou:

"PRIMEIRO.- Aprobar o expediente de contratación, a través do procedemento aberto, do subministro de libros e publicacións con destino a distintos servizos e áreas do Concello de Vigo.

Segundo.- Aprobar o prego de cláusulas administrativas particulares asinado pola técnica de administración xeral e a xefa do Servizo de Contratación de data 21 de xuño de 2022.

Terceiro.- Aprobar o prego de prescricións técnicas particulares asinado nas datas 18, 20 e 23 de maio de 2022.

Cuarto.- Autorizar o gasto por importe total de 19.610,00 euros, que inclúe un IVE (4%) de 754,23 euros, con cargo ás seguintes aplicacións orzamentarias e segundo o seguinte detalle:

	Ano 2022 (outubro a dec.) C/IVE	Ano 2022 sen IVE	Ano 2023 (xaneiro a dec.) C/IVE	Ano 2023 sen IVE	Aplicación orzamentaria
Lote 1 Asesoría Xurídica	300,00 €	288,46 €	2.200,00 €	2.115,38 €	9200 2200100 "Bases de datos, libros e outras publicacións"
Lote 2 Contratación	150,00 €	144,23 €	500,00 €	480,77 €	9206.220.0100 "Libros e outras subscricións"
Lote 3 EMAO	2.000,00 €	1.923,08 €	4.000,00 €	3.846,15 €	3261 2200100 "Publicacións e subscricións"
Lote 4	600,00 €	576,92 €	1.800,00 €	1.730,77 €	2311 2200100



Servizo de
CONTRATACIÓN

CONCELLERÍA
DE
CONTRATACIÓN

CONCELLO
DE VIGO



	Ano 2022 (outubro a dec.) C/IVE	Ano 2022 sen IVE	Ano 2023 (xaneiro a dec.) C/IVE	Ano 2023 sen IVE	Aplicación orzamentaria
Igualdade					"Adquisición de libros e revistas" e bolsa de vinculación
Lote 5 Tesourería	600,00 €	576,92 €	600,00 €	576,92 €	9340.2200100
Lote 6 Contabilidade	600,00 €	576,92 €	600,00 €	576,92 €	9311.2200100
Lote 7 Policía Local	520,00 €	500,00 €	1.040,00 €	1.000,00 €	1320.2200100 (libros, publicacións e material didáctico)
Lote 8 RRHH e Formación	1.100,00 €	1.057,69 €	3.000,00 €	2.884,62 €	9201.2200100 "Adquisición libros consulta" 9201.2200101 "Adquisición libros consulta, PRL"

Quinto.- Abrir o procedemento de licitación para a selección do contratista na forma prevista na lexislación vixente".

Segundo.- A concelleira delegada de Contratación, por delegación da Xunta de Goberno local (acordo do 20 de xuño de 2019), o 10 de agosto de 2022 adoptou a seguinte resolución:

"Primeiro.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas nos lotes 1, 2, 3 e 6 deste procedemento aberto para a contratación do subministro de libros e publicacións con destino a distintos servizos e áreas do Concello de Vigo (6.738-241) (Lotes 1, 2, 3 y 6) na seguinte orde descendente:

- LOTE 1 - Asesoría Xurídica

	Licitador	Puntuación total
1	ATELIER LIBROS, S.A.U.	100 puntos

- LOTE 2 - Contratación



Servizo de CONTRATACIÓN

CONCELLERÍA DE CONTRATACIÓN

CONCELLO DE VIGO



	Licitador	Puntuación total
1	ATELIER LIBROS, S.A.U.	100 puntos

- LOTE 3 - EMAO

	Licitador	Puntuación total
1	JASMINA HOGER ESTERHAZY	100 puntos

- LOTE 6 - Contabilidade

	Licitador	Puntuación total
1	JASMINA HOGER ESTERHAZY	100 puntos

Terceiro.- Requirir aos licitadores clasificados en primeiro lugar, ATELIER LIBROS, S.A.U. (A-08902173) (lotes 1 e 2) e JASMINA HOGER ESTERHAZY (42.210.919-P) (lotes 3 e 6), para que presenten, no prazo de dez días hábiles, a contar desde o seguinte a aquel no que reciban o requirimento, a seguinte documentación (artigo 150.2 LCSP):

1. Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar.
2. A documentación esixida nas cláusulas 8 e 22 do prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP).

Dado que ATELIER LIBROS. S.A.U. xa acreditou correctamente a súa solvencia económica no sobre A non é necesario que volva a presentala. Respecto da solvencia técnica, indícase que deberá completarse segundo o previsto na cláusula 8.8.3º do PCAP ("Os subministros ou traballos efectuados acreditaranse mediante certificados expedidos ou visados polo órgano competente, cando o destinatario sexa unha entidade do sector público; cando o destinatario sexa un suxeito privado, mediante un certificado expedido por este ou, a falta deste certificado, mediante unha declaración do empresario, acompañado dos documentos que consten no seu poder que acrediten a realización da prestación").

3. Resguardo da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula 24 do prego de cláusulas administrativas particulares".

Terceiro.- Na sesión do 11 de agosto de 2022 a Xunta de Goberno Local acordou:

"Declarar desertos os lotes 4, 5, 7 e 8 do procedemento aberto para a contratación do subministro de libros e publicacións con destino a distintos servizos e áreas do Concello de Vigo (6.738-241) porque o único licitador presentado nestes lotes non foi admitido pola Mesa de Contratación por ter presentado dúas proposicións, unha a través da Plataforma de Contratos do Sector Público e outra proposición a través do Rexistro Xeral (artigo 139.3 da LCSP e cláusula 13.6 do PCAP "En ningún caso se poderá presentar máis dunha oferta. A presentación de dúas ofertas implicará a non admisión do licitador no procedemento de referencia"). Asemade, a proposición presentada a través do Rexistro Xeral non está encriptada (motivo de exclusión recollido na cláusula 14.2 do PCAP "A



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 19/04/2024 03:35	Páxina 21 de 27
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: AEAD43-552E2B-2534DA-JN5ZAC-Q6DNLP-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

Servizo de
CONTRATACIÓN

CONCELLERÍA
DE
CONTRATACIÓN

CONCELLO
DE VIGO



presentación de documentos non encriptados dos que puidese coñecerse o seu contido antes do correspondente acto de apertura dará lugar á non admisión do licitador”).

Cuarto.- A resolución de clasificación foi notificada aos licitadores clasificados en primeiro lugar nos lotes 1, 2, 3 e 6, ATELIER LIBROS, S.A.U. (lotes 1 e 2) e JASMINA HOGER ESTERHAZY (lotes 3 e 6), o día 12 de agosto de 2022, que presentan documentación dentro do prazo concedido.

Revisada a documentación na sesión do 2 de setembro de 2022, a Mesa acordou conceder un prazo de 3 días aos dous licitadores para poder emendala. Durante o prazo concedido presentaron documentación.

Quinto.- En cumprimento do acordo da Mesa de data 22 de setembro de 2022 concedeuse un prazo de 2 días a JASMINA HOGER ESTERHAZY (lotes 3 e 6), notificado o día 26 de setembro, para que poidera acreditar a solvencia técnica de conformidade co esixido na cláusula 8.8.3º do PCAP e presentar certificado positivo de non ter débedas coa Seguridade Social (artigo 32 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das AAPP).

Sexto.- A Mesa de Contratación na sesión do 29 de setembro de 2022 revisou a documentación presentada e comproba que en relación coa documentación presentada por JASMINA HOGER ESTERHAZY (lotes 3 e 6) non se acredita correctamente a solvencia técnica dado que unicamente presenta unha declaración firmada pola propia licitadora na que se indica a realización de traballos para unha serie de empresas sen indicar exactamente o importe e ano de cada un. Asemade, a licitadora non presenta certificado positivo de non ter débedas coa Seguridade Social.

Sétimo.- Á vista da documentación presentada, a Mesa de Contratación, en sesión de 29 de setembro de 2022 entende, por unanimidade, que JASMINA HOGER ESTERHAZY (lotes 3 e 6) non cumpriu adecuadamente o requirimento formulado, en base ao artigo 150.2 LCSP, no prazo concedido. Asemade, ao non existir ningún outro licitador nin para o lote 3, nin tampouco, para o lote 6, acorda propoñer ao órgano de contratación a declaración de deserto dos lotes 3 e 6 deste procedemento.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

Primeiro.- A Mesa de Contratación é competente para propoñer deserta a licitación, ao abeiro do previsto no artigo 22.1.g) do Real Decreto 817/2009, no que se regulan as funcións das Mesas de Contratación.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 19/04/2024 03:35	Páxina 22 de 27
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: AEAD43-552E2B-2534DA-JN5ZAC-Q6DNLP-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

Servizo de
CONTRATACIÓN

CONCELLERÍA
DE
CONTRATACIÓN

CONCELLO
DE VIGO



Dado que a Mesa de Contratación, na sesión que tivo lugar o 29 de setembro de 2022, entendeu que a única licitadora dos lotes 3 "EMAO" e 6 "Contabilidade" non cumprimentou adecuadamente o requirimento formulado, ao abeiro do previsto no artigo 150.2 da LCSP, procede declarar desertos os devanditos lotes.

Á vista do exposto, propónse a Xunta de Goberno local, na súa calidade de órgano de contratación (disposición adicional segunda da LCSP), a adopción do seguinte acordo:

"Declarar deserto os lotes 3 "EMAO" e 6 "Contabilidade" do procedemento aberto para a contratación do subministro de libros e publicacións con destino a distintos servizos e áreas do Concello de Vigo (6.738-241) (lotes 1 e 2) porque a Mesa entendeu que a única licitadora en ambos lotes non cumprimentou adecuadamente o requirimento formulado ao abeiro do previsto no artigo 150.2 da LCSP."

e) Procedemento aberto para a contratación do mantemento de aparatos elevadores de colexios públicos, escolas infantís e edificios dependentes do Servizo de Educación do Concello de Vigo (25.731-332)

A secretaria pregunta aos membros asistentes se teñen algún conflito de intereses cos licitadores clasificados en primeiro lugar nos lotes deste procedemento. Ningún dos asistentes manifesta ter conflito de intereses con eles.

LEXISLACIÓN APLICABLE

- Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014
- Real decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de contratos do sector público (RLCSP)
- Real decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o regulamento xeral da Lei de contratos das Administracións Públicas (RLCAP), no que non se opoña ao Real decreto legislativo 3/2011
- Prego de cláusulas administrativas particulares que rexe o procedemento aberto para a contratación do mantemento de aparatos elevadores de colexios públicos, escolas infantís e edificios dependentes do Servizo de Educación do Concello de Vigo (25.731-332) (PCAP)

ANTECEDENTES

Primeiro.- Con data do 28 de xullo de 2022 a Xunta de Goberno local, acordou:

"1º.- Aprobar a contratación a través de procedemento aberto e tramitación ordinaria dos servizos de mantemento de aparatos elevadores de Colexios Públicos, Escolas Infantís e edificios dependentes do Servizo de Educación do Concello de Vigo.

2º.- Aprobar o Prego de prescricións técnicas de 18/05/2022, redactado polo Servizo de Educación e o Prego de cláusulas administrativas particulares de data 21/07/2022 redactado polo Servizo de Contratación, que se inclúen no presente expediente para a



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 19/04/2024 03:35	Páxina 23 de 27
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: AEAD43-552E2B-2534DA-JN5ZAC-Q6DNLP-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

Servizo de
CONTRATACIÓN

CONCELLERÍA
DE
CONTRATACIÓN

CONCELLO
DE VIGO



contratación dos servizos de mantemento de aparatos elevadores de Colexios Públicos, Escolas Infantís e edificios dependentes do Servizo de Educación.

3º.- Aprobar o gasto por importe de 128.066,40 euros (105.840,00 € máis 22.226,40 € de IVE a soportar pola administración) para a contratación dos servizos de mantemento de aparatos elevadores de Colexios Públicos, Escolas Infantís e edificios dependentes do Servizo de Educación por procedemento aberto, con cargo á aplicación orzamentaria 3230.227.9900 "Inspección Seguridade Ascensores", que se desglosará nas seguintes anualidades:

- Anualidade 2022 (de outubro a decembro): 10.672,20 euros;
- Anualidade 2023: 42.688,80 euros
- Anualidade 2024: 42.688,80 euros.
- Anualidade 2025 (de xaneiro a setembro): 32.016,60 euros

O valor estimado do contrato estipúlase en 186.984,00 euros.

4º.- Acordar a apertura do procedemento de contratación conforme ao previsto na lexislación vixente."

Segundo.- A concelleira delegada de Contratación, por delegación da Xunta de Goberno local (acordo do 20 de xuño de 2019), o 29 de agosto de 2022 adoptou a seguinte resolución:

"Primeiro.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas neste procedemento aberto para a contratación do mantemento de aparatos elevadores de colexios públicos, escolas infantís e edificios dependentes do Servizo de Educación do Concello de Vigo (25.731-332) na seguinte orde descendente:

	Licitador	Porcentaxe de redución do orzamento base de licitación previsto	Prezo
1	GENERAL ELEVADORES XXI, S.L.	71,43 %	36.588,57 €
2	SCHINDLER, S.A.	70,14 %	38.240,63 €
3	ASCENSORES ENOR, S.L.	68,76 %	40.007,94 €
4	TK ELEVADORES ESPAÑA, S.L.	65,00 %	44.823,24 €
5	ORONA, S. COOP.	58,00 %	53.787,89 €
6	KONE ELEVADORES, S.A.	48,00 %	66.594,53 €



Servizo de
CONTRATACIÓN

CONCELLERÍA
DE
CONTRATACIÓN

CONCELLO
DE VIGO



Segundo.- Requirir ao licitador clasificado en primeiro lugar, GENERAL ELEVADORES XXI, S.L. (B-02.663.250), para que presente, no prazo de dez días hábiles, a contar desde o seguinte a aquel no que reciba o requirimento, a seguinte documentación (artigo 150.2 LCSP):

1. *Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar.*
2. *A documentación esixida nas cláusulas 8 e 22 do prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP). Lémbrese que deberán acreditar a habilitación profesional esixida no apartado 5G do Anexo I -FEC-.*
3. *Resgardo da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula 24 do prego de cláusulas administrativas particulares."*

Terceiro.- Esta resolución foi notificada ao licitador clasificado en primeiro lugar, GENERAL ELEVADORES XXI, S.L., o día 29 de agosto de 2022.

Comprobado pola mesa que cumprido o prazo, GENERAL ELEVADORES XXI, S.L. (B-02.663.250) non presenta ningunha documentación a Mesa acorda por unanimidade en sesión de data 15 de setembro de 2022 :

"1. Entender retirada a oferta de GENERAL ELEVADORES XXI, S.L. (B-02.663.250) e solicítase a mesma documentación ao licitador clasificado en segundo lugar, SCHINDLER, S.A. (A-50001726), en virtude do disposto no artigo 150.2 da LCSP:

- *Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar.*
- *A documentación esixida nas cláusulas 8 e 21 do prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP).*
- *Resgardo da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula 23 do prego de cláusulas administrativas particulares."*

Cuarto.- Esta resolución foi notificada ao licitador clasificado en segundo lugar, SCHINDLER, S.A., o día 16 de setembro de 2022, que presentou documentación o 26 e o 29 de setembro, dentro do prazo concedido.

Quinto.- A Mesa de Contratación na sesión do 29 de setembro de 2022 revisou a documentación presentada, sendo esta correcta, polo que acordou, por unanimidade dos membros presentes, propoñer ao órgano de contratación a adxudicación deste procedemento.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

Primeiro.- A nosa lexislación contractual impón ao órgano de contratación a obriga de adxudicar o contrato dentro dos cinco días hábiles seguintes á recepción da documentación. O acordo de adxudicación deberá ser motivado, notificarase aos licitadores e, simultaneamente, publicarase no perfil de contratante no prazo de quince días (artigo 151.1 LCSP).

Recibida tanto a documentación presentada polo licitador clasificado en segundo lugar SCHINDLER, S.A., como a solicitada de oficio pola Administración municipal e, comprobado que esta é correcta, procede adxudicar este contrato.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 19/04/2024 03:35	Páxina 25 de 27
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: AEAD43-552E2B-2534DA-JN5ZAC-Q6DNLP-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

Servizo de
CONTRATACIÓN

CONCELLERÍA
DE
CONTRATACIÓN

CONCELLO
DE VIGO



Segundo.- A competencia para formular a proposta de adjudicación ao órgano de contratación correspóndelle á Mesa de Contratación. A proposta realizarase a favor do licitador que teña presentado a mellor oferta, de conformidade coo disposto no artigo 145, segundo proceda de conformidade co prego de cláusulas administrativas particulares que rexa a licitación.

A segunda oferta máis vantaxosa para a administración contratante é a formulada por SCHINDLER, S.A., de acordo cos informes de valoración das proposicións avaliadas mediante fórmula de data 24 de agosto de 2022.

Terceiro.- A competencia para a resolución deste expediente correspóndelle á Xunta de Goberno local (apartado 4 da disposición adicional segunda da LCSP), na súa calidade de órgano de contratación.

En base ao que antecede, propónse á Xunta de Goberno local como órgano de contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

1. *"Tomar razón do acordo da Mesa de Contratación de 15 de setembro de 2022 polo que se entende retirada a oferta de GENERAL ELEVADORES XXI, S.L., en virtude do disposto no artigo 150.2 da LCSP.*
2. *Adjudicar a SCHINDLER, S.A. (A50001726) o aberto para a contratación do mantemento de aparatos elevadores de colexios públicos, escolas infantís e edificios dependentes do Servizo de Educación do Concello de Vigo (25.731-332) que propón unha porcentaxe de redución do orzamento base de licitación previsto no apartado 3.A da FEC do PCAP de un 70,14 % o que supón un prezo de adjudicación de 38.240,63 euros, sendo a cota correspondente ao IVE de 6.636,80 euros.*

Todo iso de acordo cos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares aprobados por acordo da Xunta de Goberno e a oferta presentada."

14.- Dar conta da interposición/resolución de recursos

a) Procedemento aberto para a contratación da prestación, integración cos sistemas municipais de información e soporte técnico dun software, en modalidade de "Software as a service" (SAAS), para a xestión integral de parques para o Servizo Contraintendidos do Concello de Vigo (6.610-213)

Dáse conta da resolución nº 169/2022, do 21 de setembro de 2022, do Tribunal Administrativo de Contratación Pública da Comunidade Autónoma de Galicia pola que se desestima o recurso interposto por D. Ramón García Esteve, en representación da entidade mercantil EURO COP SECURITY SYSTEMS, S.L. contra a súa exclusión da contratación para a prestación, integración cos sistemas municipais de información e



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 19/04/2024 03:35	Páxina 26 de 27
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: AEAD43-552E2B-2534DA-JN5ZAC-Q6DNLP-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

Servizo de
CONTRATACIÓN

CONCELLERÍA
DE
CONTRATACIÓN

CONCELLO
DE VIGO



soporte técnico dun software informático en modalidade de “Software as a service” (SAAS), para a xestión dos servizos e actuacións que leva a cabo o Servizo de Bombeiros do Concello de Vigo para a prestación do servizo contra incendios e salvamento, expediente 6610-213.

A secretaria comunica aos membros da Mesa que a Xunta de Goberno local tomou razón desta resolución na sesión do 29 de setembro de 2022.

Non tendo máis asuntos que tratar, a presidenta declara finalizada a sesión ás 10:30 horas, tras unha suspensión entre as 12:00 e as 13:00 horas por mor de problemas técnicos coa Plataforma de Contratación do Sector Público. De todo o tratado eu secretaria dou fe.

(Documento asinado dixitalmente polos membros da Mesa asistentes a esta sesión)



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 19/04/2024 03:35	Páxina 27 de 27
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: AEAD43-552E2B-2534DA-JN5ZAC-Q6DNLP-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		